

ANEXO III

PUBLICIDADE DO COFINANCIAMENTO COMUNITARIO

Obrigas dos beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras:

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento deben cumprir as obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do mecanismo de recuperación e resiliencia. En particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas ou electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións de prensa, certificados etc.) deberanse incluír os seguintes logos:

- a) O emblema da Unión Europea
- b) Xunto ao emblema, o texto "Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU"
- c) Teranse en conta as normas gráficas e as cores normalizadas establecidas no anexo II do Regulamento de execución 821/2014.

Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

